



ANUNCIO

Por **Resolución da Quinta tenenta de alcalde delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, nº 2026004613 ditada en data 04/08/2026**, modificada por resolución nº 2026004645, ditada en data 07/08/2026, autorizouse provisionalmente o uso dos pavillóns deportivos municipais por parte das entidades deportivas municipais.

A efectos de público coñecemento, procédese á publicación do acordado.

Antecedentes:

I.- Mediante Resolución da Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 2026001985, de 14 de abril de 2026, abriuse o prazo para que as entidades deportivas do Concello presenten as súas solicitudes de uso dos pavillóns deportivos para a realización de adestramentos na nova temporada 2026/2027, e determinouse o baremo a aplicar para a adxudicación de número de horas semanais de uso das instalacións deportivas por parte das entidades solicitantes, así como os criterios a aplicar para a distribución de espazos.

II.- O prazo de solicitude abriuse o 15 de abril de 2026 e rematou o 15 de maio. Requiridas as emendas oportunas e respostadas debidamente, as peticións recibidas foron as seguintes:

CLUB	HORAS /SEMANA SOLICITADAS
C.B. BALONCESTO MONTROVE	31,5
BÁDMINTON CLUB CORUÑA	17,5
CLUB BALONCESTO OLEIROS	2
CLUB BALONMAN ATLÁNTICO	21,5
CLUB HOCKEY OLEIROS	36,5
CLUB PATINAXE OLEIROS	19
CLUB TENIS DE MESA BREOGAN OLEIROS	9
XIMNASIA OLEIROS. RÍTMICA e ESTÉTICA	32
S.C.D. RABADEIRA	6
VOLEIBOL OLEIROS	30
TOTAL	205

III.- As solicitudes foron avaliadas polo Técnico Municipal de Deportes, que elaborou unha proposta de adxudicación provisional en data do 4 de agosto de 2026.

Fundamentos

1.- ATRIBUCIÓN DE Nº DE HORAS SEMANAIS DE USO.- Efectuouse a valoración das solicitudes tendo en conta os criterios de adxudicación de horarios establecidos no Regulamento de utilización



das instalacións deportivas municipais, desenvolvido pola Resolución da Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 2026001985, de 14 de abril de 2026.

O nº de horas totais dispoñibles cada semana no conxunto das instalacións son **180 horas**.

2.- Os datos achegados polos clubs son os seguintes:

	nº licenzas	nº categorías total	nº categ =/< cadete	Nivel de competición
CLUB BALONESTO MONTROVE	219	7	5	Galego
BÁDMINTON CLUB CORUÑA	132	8	5	Galego+estatal
CLUB BALONCESTO OLEIROS	17	1	-	Comarcal
CLUB BALONMAN ATLANTICO	192	7	5	Galego
CLUB HOCKEY OLEIROS	184	8	6	Galego +estatal
CLUB PATINAXE OLEIROS	179	6	4	Galego
CLUB TENIS DE MESA BREGAN OLEIROS	68	6	4	Galego
XIMNASIA OLEIROS. RÍTMICA e ESTÉTICA	169	7	5	Galego+estatal+internacional
S.C.D. RABADEIRA	72	7	3	Galego+estatal+internacional
VOLEIBOL OLEIROS	194	6	3	Galego+estatal

3.- **En función dos** datos achegados polos clubs e os certificados polas Federacións correspondentes, calculouse a puntuación obtida por cada club en aplicación dos criterios establecidos, e un valor punto/hora.

Resultando un excedente de horas, como consecuencia de que algunhas entidades solicitaron menos horas das que lles corresponderían pola aplicación do baremo, efectuouse unha distribución deste resto. A distribución do excedente realizouse de xeito proporcional ao número de puntos obtidos por cada unha das entidades “deficitarias” (as que solicitaron máis horas das que lles corresponderon).

4.- **DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS DEPORTIVOS.-** A distribución das horas semanais efectivas nos espazos deportivos dispoñibles realizouse tendo en conta os criterios establecidos na Resolución da Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 2026001985, de 14 de abril de 2026.

Ante a alta demanda de horarios de uso por parte dos clubs deportivos, o Servizo de Deportes (SMD) ven de solicitar á Universidade da Coruña o aluguer e uso dos pavillóns 1 e 2 (Alberto Areces) do Inef Galicia. A finalidade é incorporar estas instalacións á distribución de horas uso por parte dos clubs deportivos oleirenses. A resposta da UDC foi afirmativa mais cun leve descenso de horas en relación ao pasado curso e cunha distribución diferente entre primeiro e o segundo cuatrimestre do curso escolar 2026/2027 na facultade ubicada en Bastiagueiro. Por este motivo a distribución horaria proposta que será válida para o primeiro cuatrimestre, é dicir ata o 30 de xaneiro de 2027. Posteriormente a esta data e para o segundo cuatrimestre, en caso de que a dispoñibilidade horaria fose diferente á inicial, realizarse unha nova distribución en función das





horas e instalacións finalmente dispoñibles para o período que vai desde o 1 de febreiro ata o 22 de xuño do 2027.

Con base nos anteriores fundamentos, adóptanse os seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar provisionalmente o uso de pavillóns deportivos ás seguintes entidades no número de horas á semana que se detallan, durante o **primeiro cuadrimestre da temporada 2026/2027, é dicir, ata o 30 de xaneiro de 2027:**

CLUB	HORAS/SEMANA
CLUB BALONCESTO MONTROVE	27,00
BÁDMINTON CLUB CORUÑA	17,50
CLUB BALONCESTO OLEIROS	2,00
CLUB BALONMAN ATLÁNTICO	21,50
CLUB HOCKEY OLEIROS	26,75
CLUB PATINAXE OLEIROS	19,00
CLUB TENIS DE MESA BREOGAN OLEIROS	9,00
ESCOLA DE XIMNASIA ACORDES	26,75
S.C.D. RABADEIRA	6,00
CLUB VOLEIBOL OLEIROS	24,50

Segundo.- Realizar a seguinte distribución dos espazos deportivos, tendo en conta os de titularidade municipal e os de uso permitido por outras institucións:

1.- CB Montrove					
Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M./Canide Baloncesto	17:00 a 17:30 ½ pista. 17:30 a 20:30	17:00 a 18:00½ pista 18:00 a 23:00	17:00 a 18:00½ pista 18:00 a 23:00	17:00 a 18:00½ pista 18:00 a 23:00	17:00 a 22:30

2.- Club Bádminton Coruña						
Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
P.M.Bastiagueiro/ Bádminton	18:00 a 19:30 pista completa 19:30 a 22:30 ½ pista. 22:30 a 23:00 pista completa	20:00 a 21:00 pista completa. 21:00 a 22:00 ½ pista	20:00 a 22:00 ½ pista. 22:00 a 23:00 pista completa	20:00 a 21:00 pista completa. 21:00 a 22:00 ½ pista	20:00 a 22:00 ½ pista. 22:00 a 23:00 pista completa	9:00 a 11:00 pista completa .



3.- Club Baloncesto Oleiros		
Instalación/Actividade	Martes	Xoves
P.M. Bastiagueiro/Baloncesto	22:00 a 23:00	22:00 a 23:00

4.- Club Balonmán Atlántico					
Instalación/Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M.Perillo Balonmán	18:00 a 23:00		17:00 a 18:00 ½ pista. 18:00 a 19:00 Pista completa		
P.M. Bastiagueiro		16:30 a 18:30		16:30 a 18:30	17:00 a 19:00 pista completa 19:00 a 20:00 ½ pista
P.M.Arsenio Iglesias		21:00 a 23:00	20:30 a 23:00	21:30 a 23:00	20:00 a 22:00

5.- Club Hóckey Oleiros					
Instalación/Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M.Rabadeira/Hóckey patíns	17:00 a 18:30; 21:30 a 23:00	17:00 a 22:30 h	17:00 a 21:00	17:00 a 22:30	16:30 a 22:15
P.M.Arsenio Iglesias. Sta. Cruz		17:00 a 18:30		17:00 a 18:30	

6.- Club Patinaxe Oleiros						
Instalación/Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
P.M. Arsenio Iglesias. Sta. Cruz/ Patinaxe Artístico	18:00 a 21:00		18:00 a 20:30	18:30 a 21:00		9:00 a 14:00
P. Alberto Areces (INEF)		18:30 a 21:00			18:00 a 21:00	

7.- Club Tenis de mesa Breogán			
Instalación/Actividade	Luns	Mércores	Venres
P.M.Bastiagueiro/Tenis de mesa	19:30 a 22:30 ½ pista	19:00 a 22:00 ½ pista	19:00 a 22:00 ½ pista





8.- Club Ximnasia Oleiros						
Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
P.M.Rabadeira/ Ximnasia rítmica	18:30 a 21:30					9:00 a 14:00
P.M. Arsenio Iglesias. Sta. Cruz		18:30 a 21:00			16:30 a 20:00	
P.M. Bastiagueiro			17:00 a 19:00. 19:00 a 20:00 ½ pista			12:00 a 14:00
P. I (INEF)	17:30 a 21:00					
P. Alberto Areces (INEF)			18:30 a 21:00	17:00 a 19:45		

9.- SCD Rabadeira				
Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves
P.M. Bastiagueiro/ Patinaxe Velocidade		18:30 a 20:00		18:30 a 20:00
P.M. Arsenio Iglesias. Sta. Cruz	21:00 a 22:30			
P.M.Rabadeira			21:00 a 22:30	

10.- Club Voleibol Oleiros					
Instalación/ Actividade	Lunes	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M. Valle Inclán/ Voleibol		17:00 a 18:00 ½ pista 18:00 a 23:00	19:00 a 23:00	17:00 a 18:00 ½ pista 18:00 a 23:00	17:00 a 18:00 ½ pista 18:00 a 23:00
P.M./Canide	20:30 a 23:00				

Terceiro.- As condicións que rexerán as autorizacións de uso serán as previstas na Resolución 2026001985, incorporando a maiores as seguintes:

- A autorización de uso poderá suspenderse temporalmente polos seguintes motivos, ademais dos previstos no parágrafo *Terceiro* da resolución sinalada:



- Cando algunha das instalacións municipais deba permanecer pechada por obras de mellora ou mantemento, ou ben sexa preciso o seu uso para outra actividade municipal ou evento que se organice coa autorización do Concello.
- Cando a UDC realice o peche do pavillón *Alberto Arce* (INEF Galicia) por usos académicos ou outras circunstancias.
- Cando se precise o uso da instalación para fins de interese público xustificadas.

A suspensión temporal de uso non outorgará en ningún caso aos clubs autorizados o dereito á compensación ou reubicación das horas reducidas.

Cuarto.- Publicar resolución de autorización provisional na Sede Electrónica Municipal, comunicando a dita publicación ás entidades interesadas mediante correo electrónico enviado aos enderezos proporcionados nas solicitudes e abrir un prazo de alegacións de 10 días desde que se realice a publicación.

Oleiros, asinado na data que consta no pé de sinatura pola Quinta Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica.

